

## Caderno II. Viaxe no verde: da Transilvania imaxinaria á Galicia corporal

### Miniciclo do tempo

por ADINA IOANA VLADU

#### A META ERA A VIAXE

Temía o paso do tempo  
temía que o tempo deixase de pasar  
nalgunha esquina da clepsidra preparábase unha revolución  
e os grans de area conspiraban calados  
esperando o seu momento.

Fíxose o mundo ámbar quedo  
e fun planeta en movemento de revolución permanente  
na órbita dos teus brazos  
en torno ao meu centro de gravidade  
cos átomos repetindo a estrutura da harmonía matemática  
en espiral logarítmica  
sempre cara a ti.

Floreceamos en efervescencia infinita  
o musgo baixo os teus dedos destilando azul en clorofila viva  
e fun herbario para que estudases cada célula vexetal  
en simbiose coa poesía.

Viaxamos sen fin no mínimo espazo da aperta  
sen saír do lugar nin do tempo  
sen medo  
sabendo  
que a meta era a viaxe.

e a meta era a viaxe.



Retrato de Adina Vladu por Sara Lamas



Retrato de Adina Vladu  
por Sara Lamas

## HABITAR O CORPO

habitar un corpo é unha viaxe a un país descoñecido.  
hai que aprenderlle a epiderme célula a célula,  
cartografarlle os relevos noite tras noite  
mentres danzan as sinapses  
oniricamente.

habitar un corpo é enviar emisarios  
estender rizomas e liberar esporas  
colonizarte colonizándome  
como bacterias boas.

agora habito o teu corpo  
coa ingravidez dos cervos que pastan nas rotondas  
impávidos ante a humanidade  
como se acabasen de descender dos petróglifos.

## NON APRENDÍN A ABSTRACCIÓN

non aprendín nunca a abstracción  
abrazo o concreto  
e abrázame  
a intuición do coleóptero que non coñece a medida do tempo  
nin a angustia de ter que facer valer vinte e catro horas.  
nun haiku non hai espazo para a incerteza.  
só a precisión  
do cardo ao agromar  
desde o cemento.

non aprendín a abstracción.  
aférrome  
a un único raio de sol como agulla dos segundos  
ao caer sobre un can que contempla a luz  
ladrándolle á beleza.  
nun nanosegundo non hai espazo para a dúbida.  
só a profundidade da máis humilde poza trala chuvia  
infinita no reflexo do ceo.

non aprendín a abstracción  
só a lambar a vida coma unha cadela  
co síndrome de Stendhal.